

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Informática da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **19 de xaneiro de 2024**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións (16/03/2023, 14/04/2023, 5/05/2023, 30/06/2023, 14/07/2023, 26/07/2023, 7/09/2023, 15/09/2023, 6/11/2023 e 15/11/2023).
2. A Coordinadora informa dos seguintes temas:
 - Na Xunta de Centro celebrada o pasado 11 de xaneiro de 2024 acordouse que a comisión redactora das modificacións do título do Máster en Enxeñaría Informática (Mención Dual) fose a Comisión Académica do Máster.
 - Séguese adiante coa modificación do máster para a mención Dual, xa que publicáronse no DOGA as instrucións da Xunta de Galicia.
 - Probablemente se faga uso da delegación na Coordinadora para aprobar as solicitudes de adaptacións e recoñecemento de créditos.
3. Apróbase por asentimento a modificación dos Horarios para o segundo cuadrimestre, curso 2023/2024.
4. Apróbase por unanimidade a modificación do Regulamento de Traballos de Fin de Máster, para permitir a presentación en soporte dixital.
5. Apróbase por asentimento solicitar a apertura dun prazo de matrícula para o segundo cuadrimestre.
6. Non hai ningunha solicitude de cambios relacionados con TFMs.
7. Apróbanse por asentimento dous tribunais para avaliación dos Traballos Fin de Máster.
8. Non hai asuntos de trámite.
9. Non hai queixas nin suxestións.
10. Non hai intervencións, nin rogos nin preguntas.